



Licenciado en Humanidades con posgraos en filoloxía hispánica, patrimonio histórico, políticas culturais e dirección de empresas pola USC, o CSIC e a UOC, **Luís Valle** (Lugo, 1977) oríentase profesionalmente tanto á Xestión Cultural e a Comunicación como a Consultoría de proxectos empresariais de base tecnolóxica.

É autor ou coautor de preto de trinta libros entre obras de ficción, estudos, monografías, catálogos de exposicións e dicionarios, incluíndo doce poemarios en 9 volumes. Estes son: *Zigurat* (2001) –integrado por catro libros de poemas–, *Epitafio y corona para Manuel Quiroga* (2007), *A caída* (2009), *Fedor* (2011), *Caderno do mendigo* (2011), *As cicatrices do Sol* (2015), *Trona, o merlo* (2015), *Para que eu beba* (2017) e *Óstraka* (2019). Pola produción poética destas dúas décadas obtivo, entre outros, os premios Afundación, Eusebio Lorenzo Baleirón ou Manuel Lueiro Rey.

Dirixira a revista cultural do campus de Lugo, “Evohé”, e ten colaborado con distintas publicacións nacionais e internacionais dos ámbitos da educación, a xestión cultural, a arte ou a literatura. Alén diso, participou na creación de apps sociais, de proxectos e de eventos coma o Xacobeo 2010, a Expo de Shanghai, Womex, a Feira do Libro de Bos Aires ou a inscrición da candidatura dos Camiños do Norte na Lista do Patrimonio Mundial da UNESCO.

NONSENSE

[...] *Escribir un poema
no que cada letra
bique o morto,
no que cada verso
mida un soño,
no que o pouco
sexa todo.*

← (LUÍS VALLE)

Luns 13 de xaneiro
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es



Poetas Di(n)versos²⁰²⁰

Jean Portante



CORUÑA
PRÓXIMA



Jean Portante (1950) naceu en Luxemburgo e vive hoxe en París. É poeta, novelista, tradutor e xornalista. A súa obra, escrita en francés e traducida a numerosas linguas, inclúe uns corenta libros entre poemas, relatos, obras teatrais, ensaios e novelas. Traduciu tamén máis de trinta libros da literatura universal, contando nomes coma os dos poetas Juan Gelman, Gonzalo Rojas, Jorge Boccanera, Luis García Montero, Reina María Rodríguez, Jerome Rothenberg, Edoardo Sanguineti, Maria Luisa Spaziani, Valerio Magrelli, etc.

Dende o ano 2006 forma parte da Academia Mallarmé en Francia. Neste mesmo país ten recibido multitude de galardóns coma, de feito, o homónimo e tan prestixioso Premio Mallarmé, así coma o Gran Premio da Sociedade de Escritores ao conxunto da súa obra. Tamén polo conxunto da súa obra fóronlle outorgados en 2011 o Premio Nacional de Luxemburgo e en 2014 o Premio Europeo Petrarca, en París.

Se en Luxemburgo viu a luz, en 2014, a súa obra reunida (1983-2013) baixo o título *Le travail de la baleine* [*O traballo da balea*], en tradución para o castelán fóronse publicando –dende 1996– máis dunha ducia de libros entre editoriais de México, Colombia, Arxentina, Cuba, Perú, Bolivia e España. O último deles editouse no selo español de La Garúa hai poucos meses: *La reinención de la sombra*.

ESTRELAS CASE MORTAS

*Que farán as chaves
cando as fechaduras teñan desaparecido
e as estrelas
coma olivas case mortas
entren no cuarto sen chamar*

*e que fará o cuarto
no momento da colleita*

*quen ha dicirlle á vía láctea
que recolla a súa saba e a dobre ben*

*ti, cando se vaia quen fai tantas preguntas,
serás quen de controlar esas faíscas fugaces
da cheminea e, co leite derramado,
non alisarás máis ca a pel*

*máis vale coidar un lume fechado
que reavivar a osa maior
de noite todos os durmintes teñen mil anos*

*para facer un morto precísase dun prato
de olivas e unha cunca de eternidade.*



(JEAN
PORTANTE)

Luns 13 de xaneiro
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es



Poetas
Di(n)versos²⁰²⁰

Luís Valle



CORUÑA
PRÓXIMA